

color en texturas

IGNACIO GRANERO MARTÍN



IGNACIO GRANERO MARTÍN

Nace en Sevilla, cidade onde estuda medicina entre os anos 1970 e 1976.

Dende 1978 reside en Galicia, exercendo o seu labor como médico titular na bisbarra do Ribeiro.

FORMACIÓN ACADÉMICA.

Aprende debuxo co pintor Amalio García del Moral. Toma contacto coa cor da man de Antonio Carbajal (restaurador do Museo do Prado).

Etapa na Escola Oficial de Arte "Antón Fálde de Ourense", onde fai cursos comúns entre o anos 1996 e 1997 e cursa os de Técnico Superior en Artes Plásticas e Deseño en Ilustración, ata 2000.

Posteriormente, estuda na Escola de Artes e Oficios da Deputación de Ourense, a materia de óleo impartida polo profesor Manuel Vidal.

En 1998 ingresa na Asociación de Médicos Escritores e Artistas.

Pertence a Asociación de Médicos Artistas Plásticos de Galicia.

Conta con recoñecidos premios e múltiples exposicións individuais e colectivas.

A súa obra divídese en dúas grandes etapas, separadas polo momento en que o pintor convértese nun artista. Se na primeira o cadro reflectía o universo visible ao que ten como referente, na segunda converte ao lenzo nun obxecto independente, coa única referencia a si mesmo. O cadro é agora o lugar para a investigación, onde combina as diferentes técnicas, experimenta con xogos de texturas, escolle os valores matéricos.

Nesta mostra atopámonos con obra desta segunda etapa. Os cadros máis representativos desta época son as paisaxes. Trátanse de terreos imaxinarios, xurdidos a partir do engadido de materiais variados, xunto coa aplicación de pigmentos, óleos, lacas, etc. ordenando todos estes elementos cun resultado dunha expresividade pictórica ritmada grazas a un traballo de meditación sobre o soporte.